

PROPOSTA DE ACTIVIDADES MUSICAIS PARA 2º CICLO

Ola rapaciños e rapaciñas! Entramos na seguinte quincena e coma sempre, achégovos a miña proposta de actividades que son para desenvolver nos seguintes quince días. Se non específico nada non tedes que remitirmas, en casos concretos, xa vos pediría que enviárademas ao correo electrónico que vos facilitaría para tal fin. De todos os xeitos, sei de vós polos vosos titores.

1ª_ *Ditado rítmico*: imos repasar as figuras da negra (TA) e da dobre corchea (TI-TI). Na seguinte folla (páxina 2) tendes a explicación e todo o que precisades para realizar esta actividade.

2ª_ “*Uptown Funk*” (fragmento) *percusión corporal*: sempre é importante adicarlle tempo á percusión corporal (estimula e traballa a coordinación, o movemento, a axilidade mental, a habilidade motriz...) así que de novo, propoño un acompañamento de percusión para desenvolver utilizando o voso corpo. Pincha no seguinte enlace e segue moi atento o musicograma para saber as veces que se repite cada parte, con que parte do corpo e que ritmo.

<https://youtu.be/9Ndf4Ruf-Ts>

3ª_ “*Epo i tai tai e*”: é o turno da nosa voz, o noso primeiro instrumento musical. A algúns vaivos soar. Pincha no seguinte enlace para ir aprendendo, primeiramente, a canción e despois a percusión corporal con diferentes dificultades ata chegar ao nivel experto. Cada un que se quede no nivel que poida realizar mentras canta.

<https://youtu.be/pFKRwWsfjno>

4ª_ *Pasatempo musical*: por último, colle un lapis e tes cinco minutos para escribir nun papel todos os instrumentos que identifies na lámina (páxina 4) poñendo o seu nome e a familia á que pertence. Na folla número 3 atoparás un mural lembrando as familias de instrumentos musicais.

Lembrade que podedes repasar ou facer, se tedes algunhas pendentes e na medida das vosas posibilidades, actividades musicais das semanas anteriores.

Biquiños a tod@s!!!

Rebeca

DITADO RÍTMICO


Escoita e ordena os seguintes ritmos poñendo nos octógonos os números segundo os vaías identificando.

Enlace para escoitar os ritmos:

<https://drive.google.com/file/d/1j0i2H3sNsqrO5DHKBHLENm8YtbrXqgT/view?usp=sharing>

Solución:

<https://drive.google.com/file/d/1BT5SE7KSu7vrM0CPgJ9hTJx1mZ3fZLiV/view?usp=sharing>



CUERDA

VIENTO

PERCUSIÓN

Frotada



Pulsada



Percutida



Madera



Metal



Determinada



Indeterminada



